



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 4 DE MAIO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e máis a *Fundación Preescolar na Casa*, para a promoción da formación no ámbito da familia e contribuír á promoción da cultura e da lingua galega, mediante o programa *Preescolar na Casa-Educación en Familia*.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas convocadas ao abeiro da Resolución pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento con domicilio social en Galicia e se convocan as correspondentes para o ano 2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Caldas de Reis para a construción dunha área de estacionamento de autobuses no concello de Caldas de Reis.



## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, da Xunta de Galicia, e o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) para o desenvolvemento de accións dirixidas a potenciar o conglomerado da automoción en Galicia no ano 2006.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela en relación coa construción dun pavillón polideportivo en Pontepedriña, Santiago de Compostela.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Xunqueira de Espadanedo para a realización das obras de intervención no Mosteiro de Xunqueira de Espadanedo (2ª fase).

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Marín para a execución das obras: "Saneamento da Ría de Pontevedra. Prolongación da rede de sumidoiros Campo-Seixo. Marín (Pontevedra)", por importe de 263.107,87 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Petín para a execución das obras: "Actuacións de saneamento en bacías intercomunitarias. Renovación do abastecemento e saneamento de augas na rúa a Ponte. Petín (Ourense)", por importe de 385.092,31 euros.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e as organizacións sindicais *Unión Xeral de Traballadores de Galicia*, *Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia*, *Confederación Intersindical Galega* e a *Confederación de Empresarios de Galicia* para o desenvolvemento de actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e as organizacións *Xóvenes Agricultores*, *Unións Agrarias-UPA* e o *Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas* en materia de prevención de riscos laborais no sector agrogandeiro e forestal.

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestión Urbanística da Coruña, S.A. para os traballos técnicos de urbanización do sector de solo urbanizable nº 1 O Bertón do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ferrol.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestión Urbanística de Lugo, S.A. para a electrificación da primeira e segunda fase do parque empresarial de Monterroso.

### **INFORMES**

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe relativo á Memoria 2005 da Comisión de Coordinación das Policía Localis.

#### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Informe polo que se dá conta da Orde pola que se establece o plan de recuperación do polbo e se regulan as bases e a convocatoria para a concesión de compensacións financeiras aos propietarios e tripulantes de buques dedicados á captura de polbo, afectados pola paralización temporal da súa actividade.

#### **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Informe sobre os datos do paro relativos ao mes de abril.



## **A DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR DESTINARÁ 270.000 EUROS A AXUDAS PARA FORTALECER AS ONGD ´S GALEGAS**

- *Subvencionarase a formación técnica do persoal e os materiais e equipamentos necesarios para poñer en marcha proxectos presentados por agrupacións de entidades*
- *Esta partida incrementa nun 20,5% a destinada en 2004. En 2005 non se concedeu ningunha axuda para esta finalidade*
- *O Diario Oficial de Galicia publicará proximamente a convocatoria pública*

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia destinará en 2006 e 2007 un total de 270.000 euros a financiar subvencións para consolidación e fortalecemento de ONGD ´s con domicilio social en Galicia. O Consello da Xunta acordou esta mañá autorizar o gasto que servirá para financiar estas axudas que pretenden dar un pulo ao sector na nosa Comunidade Autónoma.

Esta cifra supón un incremento do 20,5% da partida destina en 2004 para esta finalidade. En 2005, o Goberno galego non se concedeu ningunha axuda neste capítulo de consolidación de organizacións.

O fortalecemento das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento é unha das prioridades marcadas polo Goberno galego para esta lexislatura e así se recolle no Plan Director da Cooperación Galega aprobado o 24 de abril polo Parlamento de Galicia.

Con esta iniciativa, trátase de potenciar os axentes de cooperación coa finalidade de crear unha rede solidaria na sociedade galega, así como impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións a prol do desenvolvemento. Entre estes axentes, a Lei de Cooperación concede unha especial relevancia ás ONGD ´s, que se constitúen como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia.

### **O proceso completo en Galicia**

O fin último destas achegas da Xunta é que se desenvolva en Galicia a maior parte do proceso das actuacións de cooperación (identificación, xestión, avaliación e promoción das actividades propias de cada organización) coa máxima garantía e eficacia de calidade.

Por iso, esta convocatoria prevé contribuír á formación técnica do persoal das ONGD ´s, mediante o financiamento de seminarios, obradoiros e cursos sobre xestión e ética da cooperación, así como en aspectos transversais desta actividade como son as temáticas de xénero, ambiente e xestión da axuda humanitaria. Tamén se prevé subvencionar os materiais necesarios para poñer en marcha proxectos presentados



por agrupacións de entidades. Dentro deste punto inclúense, aluguer de locais para sede do consorcio de entidades, contratación de persoal técnico e adaptación e reforma de páxinas web, que deberán estar en idioma galego.

### **Bases da convocatoria**

A concesión destas axudas para os anos 2006 e 2007 estará rexida polos principios de publicidade, concorrência e obxectividade. Con esta finalidade, establécese nas bases reguladoras destas subvencións que as entidades solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento, carecer de ánimo de lucro, ter o seu domicilio social en Galicia, ter xustificado as axudas recibidas por parte da Xunta para outros proxectos, non estar inhabilitadas para obter axudas e estar ao día das súas obrigas tributarias. Así mesmo, serán financiados preferentemente os proxectos presentados por consorcios de varias ONGD's.

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior poderá financiar ata un 90% do valor do proxecto presentado. En ningún caso a subvención concedida a proxectos presentados por unha soa organización superará os 25.000 euros e sempre se lles exixirá un cofinanciamento do 15% por parte da entidade solicitante. Os proxectos presentados por un consorcio de organizacións poderán acadar unha achega de ata 40.000 euros, cun cofinanciamento necesario do 10%.

As solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## **A XUNTA SUBVENCIONARÁ O SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DOS COLEXIOS DE AVOGADOS DE GALICIA**

- *Contribuirá á prestación de asistencia xurídica gratuíta ás persoas que a requiran ante os colexios de avogados*
- *A Consellería de Presidencia financiará con 180.303 euros o funcionamento deste servizo*

O Consello da Xunta acordou a sinatura dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica nos colexios de avogados da Comunidade Autónoma. Deste xeito, as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses poderán solicitar a prestación do asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso.

A Xunta de Galicia acordou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega. Deste modo, o Goberno autonómico contribuirá ao funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica para os demandantes da asistencia xurídica gratuíta ante os colexios de avogados. A finalidade deste convenio é procurarlle o acceso á xustiza a aqueles cidadáns que doutro xeito poderían ver diminuídos os seus dereitos por motivos económicos.

En virtude deste acordo, a Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia subvencionará con 180.303,63 euros o funcionamento deste servizo. Doutra banda, corresponderalle ao Consello da Avogacía Galega, que terá a consideración de entidade colaboradora, a distribución desta subvención entre os sete colexios que o integran.

Por último, este convenio establece quen serán os integrantes da comisión mixta de seguimento. A Xunta de Galicia estará representada polo director xeral de Xustiza e o subdirector xeral de Relacións e Recursos Humanos da Administración de Xustiza. Por parte do Consello da Avogacía Galega participarán o seu presidente e a persoa que designen os colexios de avogados.



## VICEPRESIDENCIA APOSTA POLA PROMOCIÓN DA CULTURA E A LINGUA GALEGA NO ÁMBITO DA FAMILIA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa Fundación Preescolar na Casa*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Preescolar na Casa para o desenvolvemento da formación no ámbito da familia, incidindo na promoción da cultura e a lingua galega, mediante o programa *Preescolar na Casa - Educar en Familia*.

A Vicepresidencia e Política Lingüística destinan 451.038 euros ao financiamento deste programa, que está dirixido ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas, sobre todo nas súas primeiras etapas, na aprendizaxe e a normalización da lingua galega.

*Preescolar na Casa* fomenta o establecemento de contactos presenciais coas familias galegas para enriquecer e mellorar a educación dos máis pequenos. Nesta liña, trata de crear actitudes favorables nos pais e nais para que tomen parte activa na educación integral dos seus fillos e fillas, ao tempo que busca mellorar a información que teñen as familias sobre o desenvolvemento da infancia. A través deste programa, organízanse reunións de orientación de carácter quincenal en todos os concellos participantes. Tamén se edita unha revista de periodicidade bimensual e unha páxina web.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 190.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES EN CALDAS DE REIS**

- *A nova instalación contribuirá a mellorar a calidade e os servizos para o usuario, e repercutirá na ordenación do tráfico na zona onde se instale*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes construírá unha área de estacionamento de autobuses en Caldas de Reis, na que investirá un total de 190.000 euros.

Así se establece no convenio de colaboración que proximamente asinarán a conselleira, María José Caride, e máis o alcalde do dito concello pontevedrés, José María Tobío Barreira, e que hoxe recibiu o visto e prace do Goberno galego.

A CPTOPT, a través da Dirección Xeral de Transportes, encargárase de elaborar, supervisar e aprobar o proxecto de construción desta área de autobuses, así como da adxudicación, dirección e recepción das obras.

Pola súa parte, o Concello de Caldas de Reis comprométese a asumir a explotación, mantemento e conservación da obra executada, sen prexuízo da posterior entrega desta instalación ao Concello.

Ademais, previamente á sinatura do convenio, o Concello deberá trasladar á Consellería o acordo adoptado, polo órgano competente, no que se recolla o compromiso municipal de poñer a disposición da Xunta os terreos necesarios, libres de todo tipo de cargas, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levar a cabo as obras, que se executarán ao longo do presente ano.

A construción de áreas de estacionamento de autobuses complementa a rede de estacións de autobuses e constitúe unha opción válida para mellorar a calidade de prestación do servizo de transporte público de viaxeiros en entidades de poboación nas que, ou ben, non está xustificada unha estación dadas as dimensións do núcleo urbano, ou ben a área de estacionamento resulta máis conveniente para o servizo público, ao permitir unha mellor integración urbanística.

As áreas de estacionamento de autobuses configúranse como un elemento dotacional básico, dado que se poden construír en lugares privilexiados da ordenación urbana, facilitando a espera dos usuarios e, mesmo, o intercambio entre diversos transportes. Igualmente, constitúen un mecanismo favorecedor do tráfico urbano ao concentrar nun único centro as chegadas e saídas dos vehículos de transporte de viaxeiros.





## INNOVACIÓN E INDUSTRIA POTENCIARÁ O CONGLOMERADO DA AUTOMOCIÓN DE GALICIA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería e o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia*

A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio co Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) para o desenvolvemento de accións dirixidas a potenciar o conglomerado da automoción en Galicia. Así o autorizou esta mañá o Consello da Xunta, facultando a consellería para achegar un total de 297.110 euros dos orzamentos de 2006 para a realización de actuacións nas áreas de coñecemento, capacitación, recursos humanos, promoción exterior e excelencia do sector da automoción.

O convenio que asinarán o conselleiro Fernando Blanco e o presidente do CEAGA, Antonio Vega Martínez, ten por finalidade establecer as bases de colaboración entre ambas as partes, para a materialización de diversas actuacións dirixidas a potenciar o conglomerado industrial da automoción en Galicia, de acordo cos obxectivos e liñas de actuación de interese para as empresas pertencentes a este conglomerado industrial.

En concreto, coa achega financeira da Consellaría de Innovación e Industria, o CEAGA comprométese a desenvolver varios programas de actuación, ben directamente ben en colaboración con outras entidades. Entre outros, porase en marcha o programa de coñecemento "Xestión de proxectos para o sector de automoción de Galicia", dirixido ao persoal técnico das empresas co obxecto de dotalas de especialistas nas áreas que absorban os traballos de lanzamento de novos produtos, logrando unha expansión e crecemento das empresas no sector.

Desenvolverase tamén ao abeiro do convenio o programa "Planificación avanzada de Calidade", co obxecto de proporcionarlle ao clúster profesionais capacitados nas ferramentas estatísticas robustas de control de produto e procesos, necesarias para garantir que un proceso/produto cumpra as expectativas de satisfacción do cliente.

Outra das actuacións que se promoverán co financiamento da Consellería de Innovación e Industria será a edición e difusión do Plan estratéxico do sistema de automoción de Galicia 2006-2010, documento realizado dende o sector e que ten como misión fundamental establecer os proxectos e plans clave de acordo coa situación interna e externa da automoción e do sector en xeral.

Tamén se realizarán, por último, un Catálogo industrial de produtos e procesos das empresas do clúster, que permita unha proxección no exterior do sector de



compoñentes de automoción, e un estudo de remuneracións e mapa de postos clave, que permita establecer políticas retributivas coherentes e plans de fidelización de empregados, ademais de permitir elaborar e difundir unha guía de boas prácticas.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE INVESTIRÁ 156.000 EUROS NA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO MOSTEIRO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO**

- *Teñen por obxectivo garantir a súa conservación e protección e mellorar o servizo que se presta aos veciños nas instalacións municipais que teñen a sede neste monumento*

A Consellería de Cultura e Deporte asinará proximamente un convenio de colaboración co Concello de Xunqueira de Espadanedo para acometer a segunda fase das obras de rehabilitación do Mosteiro de Santa María, situado na Ribeira Sacra ourensá. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura deste convenio que permitirá realizar un investimento de 156.000 euros.

O Mosteiro de Santa María, declarado ben de interese cultural en decembro de 1980, foi fundado con anterioridade ao ano 1.150 pola Orde de Santo Agostiño. Na actualidade é o principal sinal de identidade deste concello e de feito nel teñen a súa sede as oficinas municipais, a biblioteca, o servizo de correos e o centro de saúde.

As obras que acometerá a Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, teñen por obxectivo garantir a conservación e protección deste monumento e á vez mellorar o servizo que se presta aos veciños nas instalacións municipais.

O novo proxecto dá continuidade ás intervencións que desde o ano 1994 se veñen realizando no conxunto monástico de Xunqueira de Espadanedo. Continuando a liña de intervención global que se desenvolveu ata hoxe, a nova actuación resolverá as demandas máis urxentes realizar no inmovible para logo continuar con outras que se dirixen á mellor percepción dos valores culturais do edificio e a facilitar o seu uso.

As obras que desta volta executará a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural son:

- A substitución da cuberta.
- A rehabilitación do espazo situado baixo a actual sala de usos múltiples, e antiga casa reitoral, como novo salón de plenos para o Concello. Este espazo contará cun acceso directo dende a escaleira principal e dotarase de illamento térmico e acústico, solado de tarima de madeira, acabado axeitado das paredes, iluminación e calefacción.
- A modificación do acceso ás oficinas existentes na entreplanta, baixo a sala de usos múltiples, e a mellora xeral destas mediante a limpeza da pedra e a eliminación de paredes dos paramentos exteriores dos arcos.



- O balcón da sala de usos múltiples dividirase do resto da sala cunhas láminas de madeira para crear unha estancia independente pero cun uso vinculado ao da sala.

### **Historia**

O Mosteiro de Santa María foi fundado con anterioridade ao ano 1.150 pola Orde de Santo Agostiño. En 1.170, cos monxes cistercienses pasa a depender do mosteiro de Montederramo debido á importancia deste e iníciase a construción da igrexa románica. En 1546 únese á congregación de Castela e na exclaustación pasa a ser propiedade municipal.

Os cambios nas ordes das que dependeu este mosteiro non só renovaron a súa vida interna senón tamén os estilos das construcións, sempre de acordo cos aires renacentistas e barrocos da época.

Un exemplo é o claustro, do que se conservan en óptimo estado varios tramos construídos no século XVI. De corte renacentista galego, a súa construción vincúlase á unificación coa congregación de Castela. Un dos corpos do claustro ten arcos de medio punto realizados con doelas sobre columnas. Na parte superior do claustro, pódense ver as fiestras da nave románica, tamén ben conservada, e varios reloxos de sol, un dos cales data de 1663.

Pola súa banda, a igrexa conserva no seu conxunto o estilo románico, a pesar das intervencións ás que foi sometida. Está formada por tres ábsidas semicirculares que se corresponden ás tres naves de clara composición medieval. No centro está a capela maior, dividida en dous tramos con columnas acaroadas, e nos laterais sitúanse dúas capelas con pequenas bóvedas de forno. O altar da capela maior tamén é de estilo románico, e no semicírculo atópase o retablo maior realizado polo manierista ourensán Juan de Angés a finais de 1594.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE RETOMA A CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN PONTEPEDRIÑA (SANTIAGO)**

- *O departamento que dirixe Ánxela Bugallo investirá un total de 631.062 euros nesta obra e a consellería de Educación 270.455 euros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha segunda addenda ao convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para a construción dun pavillón polideportivo en Pontepedriña (Santiago).

Esta obra, acordada polas consellerías de Cultura e Educación en 2004, fora bloqueada pola cualificación urbanística que posuía a parcela posta a disposición polo Concello e que supoñía a imposibilidade de levar a cabo as obras pretendidas, polo que se precisaba unha modificación do Plan Parcial 1 do SUP-3 en Pontepedriña.

Unha vez solventado este problema, o Consello da Xunta vén de aprobar unha segunda addenda para ampliar o convenio que permitirá rematar as obras. En virtude deste documento, a Consellería de Cultura investirá 223.072 euros en 2006 e 320.039 en 2007, cun importe total de 631.062. Pola súa banda, o departamento de Educación investirá no ano que entra 270.455 euros, que supón o total da súa aportación.



## **MEDIO AMBIENTE INVISTE 650.000 EUROS NA MELLORA DAS REDES DO SANEAMENTO E O ABASTECIMENTO DOS CONCELLOS DE PETÍN (OURENSE) E MARÍN (PONTEVEDRA)**

- *Augas de Galicia acometerá obras de renovación das canalizacións de auga e rede de sumidoiros na rúa A Ponte da localidade ourensá*
- *O organismo autónomo da consellería financiará tamén a prolongación da rede de sumidoiros de Campo-Seixo no municipio pontevedrés*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de aprobar dous novos proxectos para a mellora das infraestruturas de saneamento e abastecemento. Concretamente, trátase da renovación de subministracións e rede de sumidoiros da rúa A Ponte, no Concello de Petín, e da prolongación da rede de sumidoiros de Campo-Seixo. Ambas actuacións suporán un investimento de 648.199 euros por parte de Augas de Galicia, organismo autónomo da consellería.

No caso do concello ourensán de Petín, o departamento autonómico levará a cabo unha renovación das redes de sumidoiros e auga da rúa A Ponte, que permitirá que as augas residuais sexan conducidas á Edar que depura todas as augas da localidade ourensá. O proxecto conta cun orzamento de 385.092,81 euros, cantidade que será achegada integramente por Augas de Galicia; e dispón dun prazo de execución de cinco meses.

Pola súa banda, a Consellería de Medio Ambiente destinará 263.107 euros á prolongación da rede de sumidoiros en Campo-Seixo, na localidade pontevedresa de Marín. O proxecto consiste na construción dunha rede de colectores, cunha extensión total de 3.865 metros. A actuación, executada igualmente por Augas de Galicia, complétase coa reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

### **Investimentos**

Nos dous últimos meses, a consellería que dirixe Manuel Vázquez aprobou obras de abastecemento e saneamento en máis de vinte concellos galegos, cuxo orzamento ronda os 13 millóns de euros.



## **A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ELABORARÁ UNHA NOVA NORMATIVA EN MATERIA DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS**

- *O obxectivo do novo texto é a mellora do funcionamento e coordinación das policía locais*
- *Incorporará o incremento de competencias nesta materia que veñen rexistrando os concellos nos últimos anos*

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou ao Consello da Xunta a Memoria 2005 da Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia na que recolle os principios que rexen este organismo así como unha recompilación da súa actividade e funcionamento dende a súa creación en 1992. Este documento confirma a intención da consellería de elaborar un novo ordenamento xurídico regulador de coordinación das policía locais.

A Memoria 2005 da Comisión das Policía Locais de Galicia avanza que o obxectivo do Goberno galego é a creación dun novo texto legal en materia de coordinación de policía locais, que recollerá as transformacións relevantes dos municipios en relación coa seguridade pública. O obxectivo será a dinamización do seu funcionamento garantindo a efectividade da coordinación no seu sentido máis amplo.

Estes cambios son a consecuencia inmediata do incremento, nos últimos anos, dos cometidos que algunhas corporacións locais exerceron no campo da seguridade, incluso asumindo outras atribucións das que lles están normativamente conferidas na actualidade. A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Dirección Xeral de Interior, anticipa nesta Memoria 2005 que os criterios nos que se baseará o novo texto serán os de racionalización, colaboración entre administracións públicas, coordinación policial e o respecto as competencias municipais.

### **Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia**

A creación da dita comisión está recollida na Lei 3/1992, do 23 de marzo, para regular as funcións e órganos de coordinación das policía locais de Galicia cun sentido de integración. Deste xeito, facilítase a eficacia da actuación deste corpo para asegurar a mellor protección da seguridade cidadá e garantir o libre exercicio dos dereitos e liberdades das persoas e colectivos.

Entre as súas funcións destacan a proposición ás distintas administracións públicas de medidas convenientes para a mellora dos servizos das policía locais ou a promoción de cursos básicos e actividades de formación para a súa aprobación ou homologación. Así mesmo, inclúese a emisión de informes sobre retribucións, plans



de seguridade, normas, criterios de selección, formación ou mobilidade dos axentes, e tamén sobre homoxeneización de medios técnicos e identificación e uniformidade.

Neste órgano están representados os membros das policía locais galegas, os concellos da Comunidade Autónoma e a Xunta de Galicia. Segundo establece o Decreto 578/2005, do 29 de setembro, a Comisión está presidida polo conselleiro de Presidencia, José Luis Méndez Romeu, e a vicepresidencia corresponde á directora xeral de Interior, Isabel Durantez Gil.

Os vogais por parte da consellería son o secretario xeral da consellería, a directora xeral de Administración Local, o director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia (CEXESGA), o director xeral da Asesoría Xurídica e o subdirector xeral de Seguridade e Réxime Interior. Tamén son vogais oito representantes municipais designados pola Federación Galega de Municipios (FEGAMP) e tres representantes dos membros das policía locais designados polos sindicatos máis representativos na Policía Local no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

A secretaría corresponde a un funcionario da Dirección Xeral de Interior, con voz e sen voto, con categoría de xefe de servizo.





## TRABALLO E OS SINDICATOS AGRARIOS COLABORARÁN PARA IMPLANTAR A CULTURA PREVENTIVA NO AGRO GALEGO

- *Este compromiso de colaboración concrétase na sinatura dun convenio entre o departamento que dirixe Ricardo Varela e as tres organizacións agrarias de Galicia, Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias e o Sindicato Labrego Galego*
- *O obxectivo do convenio, cuxa dotación supera os 200.000 euros, é levar a cabo unha campaña de información e de sensibilización sobre a prevención de riscos laborais, facendo especial fincapé naqueles que son propios do sector agrogandeiro e forestal*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e as tres organizacións con representación no agro galego, Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias e o Sindicato Labrego Galego, para levar a cabo unha campaña de información e de sensibilización sobre a prevención de riscos laborais no agro, coa finalidade de obter unha efectiva implantación da cultura preventiva neste ámbito, e así mellorar as condicións de traballo e reducir a sinistralidade.

Segundo se recolle no texto do convenio, as entidades asinantes consideran necesario o establecemento de accións conxuntas dirixidas a promover a seguridade e saúde laboral dos traballadores a través da aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo nas explotacións agrogandeiras e forestais de Galicia, co fin de defender os intereses dos traballadores do agro galego, mellorar a súa calidade de vida e promocionar a realización de accións formativas e informativas dirixidas á poboación agraria.

A través destes convenios de colaboración levaranse a cabo accións de información e sensibilización, mediante técnicos cualificados e aproveitando todas as estruturas, tanto de carácter material (locais, recursos, etc) como de convocatoria e presenza no sector agrario galego e nas distintas actividades que se agrupan nel.

Nese senso, as actividades deberán promover a mellora das condicións de seguridade e saúde dos traballadores do agro, baseándose no cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais e informarán dos conceptos básicos de seguridade e saúde no traballo, dos riscos xerais e a súa prevención e dos elementos da xestión da prevención de riscos laborais, facendo especial incidencia nos riscos comúns ou xerais das actividades agrogandeiras e forestal, tales como os derivados



do emprego de maquinaria agrícola, dos cultivos, ou da manipulación de produtos fitosanitarios.

Para o desenvolvemento destas accións de formación, a Consellería de Traballo destinará un total de 200.100 euros, polo que cada organización agraria recibirá 66.700 euros para a posta en marcha das actividades de sensibilización e difusión da cultura preventiva .

Así mesmo, constituirase unha comisión mixta para o seguimento deste convenio, integrada por un máximo de seis membros que designarán cada unhas das partes asinantes e que se encargarán do seguimento das actuacións, a verificación do grao de desenvolvemento, a interpretación e a solución das dúbidas e controversias que xurdan.



## **A CONSELLERÍA DE TRABALLO DEDICA CASE 620.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

- *O departamento que dirixe Ricardo Varela asinará para tal fin un convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia e os tres sindicatos maioritarios, UGT-Galicia, CCOO de Galicia e CIG, co obxectivo de avanzar na loita contra a sinistralidade laboral*
- *A través deste convenio levaranse a cabo un cento de cursos, xornadas técnicas e seminarios dos que se beneficiarán máis de 3450 traballadores e empresarios*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Confederación de Empresarios de Galicia e os tres sindicatos maioritarios de Galicia, UGT-Galicia, CCOO de Galicia e CIG, co obxectivo de establecer as condicións polas que se rexerá a súa colaboración respecto das accións de información e formación en prevención de riscos laborais.

Segundo se recolle no texto do convenio, as entidades asinantes recoñecen como unha ferramenta imprescindible a formación e información de cara á loita contra as altas cifras de sinistralidade que rexistra a nosa comunidade, de aí que a través deste convenio se porán en marcha máis dun cento de cursos dos que, segundo as previsións de Traballo, se beneficiarán máis de 3.450 traballadores e empresarios. Para levar a cabo este proxecto, a Consellería que dirixe Ricardo Varela destinará un orzamento total de case 620.000 euros.

A través destes convenios de colaboración levaranse a cabo diversas actividades divulgativas, como xornadas técnicas e seminarios de prevención de riscos laborais, cunha duración mínima de 6 e 5 horas respectivamente, cursos de prevención de riscos laborais de nivel básico de 30 e 50 horas, así como de cursos de prevención de riscos laborais de nivel superior de 600 horas.

A impartición destes cursos de nivel superior será por conta dunha entidade especializada autorizada pola autoridade laboral competente para desenvolver e certificar formación en prevención de riscos laborais de nivel superior, nas modalidades presencial ou a distancia. O resto das actividades formativas, poderán ser realizadas, ben directamente pola entidade beneficiaria, ben por outras entidades especializadas.



As actividades que desenvolverán organizacións sindicais e empresariais serán todas as necesarias para a realización das accións formativas como, a organización, publicidade, difusión e relación cos participantes e entidades especializadas, así como todas as xestións que se precisen para o bo fin das accións deste convenio.



**A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO REALIZARÁ OS TRABALLOS TÉCNICOS DE URBANIZACIÓN DO SOLO DO BERTÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA POR UN IMPORTE DE 235.020 €**

- *A superficie total que se urbanizará é de 165.000 metros cadrados nos que se construirán 1.300 vivendas protexidas*

A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe Teresa Táboas, destina unha partida de 235.000 euros para contratar a redacción do Proxecto de Urbanización de 165.000 metros cadrados de solo residencial situados no Bertón, que no futuro albergará 1.300 vivendas protexidas. A decisión foi aprobada hoxe no Consello da Xunta a proposta da Consellería.

A elaboración do *Proxecto de Urbanización* do sector número 1 do Bertón, -que inclúe a elaboración do *Plano Topográfico*, a realización do *Estudo Xeotécnico* e do *Estudo de Seguridade e Saúde*- será realizado por *Xestur-A Coruña por encomenda da Consellería*.

Con esta contratación o departamento autonómico pretende axilizar a construción de vivenda a prezo taxado no Concello de Ferrol, tendo en conta que a decisión de destinar esta superficie a vivenda protexida xa está recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal, que clasifica como "solo urbanizable residencial para promoción de vivendas de protección pública o sector nº1 do Bertón cunha superficie aproximada de 16,5 hectáreas".



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO CONTRATA A ELECTRIFICACIÓN DA 1º E 2º FASE DO PARQUE EMPRESARIAL DE MONTERROSO POR UN IMPORTE DE 403.885 EUROS**

A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe Teresa Táboas, contratará, a través de Xestur-Lugo, a electrificación da 1º e 2º fases do parque empresarial de Monterroso, en Lugo, por un importe total de 403.885 euros. A decisión foi aprobada hoxe no Consello da Xunta.

Con estes traballos de electrificación remátase a urbanización da 1º e 2º fase deste parque empresarial.



## **PESCA DESTINARÁ MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS A FINANCIAR A PARADA BIOLÓXICA DO POLBO**

- *Carmen Gallego informou esta mañá ao Consello da Xunta da Orde pola que se establece o plan de recuperación do cefalópodo e se regula a concesión de axudas ao sector afectado*

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar, informou hoxe os membros do Goberno galego da Orde pola que se establece o Plan de recuperación do polbo e se regulan as bases para a concesión de compensacións financeiras ao sector afectado pola paralización temporal da súa actividade. Gallego Calvar, explicou ao Consello da Xunta que a considerable redución de capturas de polbo rexistradas nos últimos meses fai necesaria a posta en marcha deste Plan, dotado cun importe máximo de 3.250.000 euros, cofinanciados pola Unión Europea a través do Instrumento Financeiro de Orientación Pesqueira (IFOP). Con esta medida, o Executivo galego pretende incorporar novos reclutas ás poboacións do cefalópodo e aumentar a biomasa dos individuos xa presentes no stock, evitando, á súa vez, que sexan sometidos a unha presión pesqueira moi intensa que inviabilice o esforzo económico e social que supón a parada.

A titular de Pesca comunicoulles aos seus compañeiros de Goberno que, tras manter diversas reunións co sector, o seu departamento acordou fixar unha veda biolóxica en toda Galicia de dous meses de duración, dende o 19 de maio ata o 19 de xullo de 2006. Deste xeito, quedará decretada a apertura da pesqueira o 20 de xullo, coincidindo xusto co comezo da campaña da nécora, o que evitará concentrar todo o esforzo pesqueiro nunha única especie.

### **Compensacións económicas**

A través desta normativa, que sairá publicada de forma inminente no Diario Oficial de Galicia, Pesca compensará economicamente os pescadores debidamente enrolados e os propietarios dos buques con porto base en Galicia, que teñan no seu permiso de explotación a arte de nasa de polbo e estean afectados por esta paralización.

A Xunta subvencionará integramente o período de veda aos tripulantes (un total de 42 días laborables), recibindo cada un deles 45 euros por día de parada. No que respecta aos propietarios, indemnizaráselles un total de trinta días seguindo os seguintes parámetros: os donos dos barcos que teñan unha potencia maior de 3GT percibirán cada día de paro unha contía fixa de 30 euros, ademais de cinco euros por cada GT da embarcación; no caso dos propietarios dos buques de potencia inferior, a cantidade fixa que percibirán increméntase ata os 45 euros.



Por outra banda, a conselleira explicou detalladamente os criterios seguidos polo seu departamento á hora de determinar os beneficiarios destas axudas. Neste senso, serán subvencionados os tripulantes e os propietarios de máis de 400 embarcacións, tendo en conta os datos das vendas declaradas e a utilización da nasa de polbo por parte destes buques. Deste xeito, para poder acceder ás compensacións económicas os armadores deberán acreditar que durante os anos 2004 e 2005 despacharon a nasa de polbo máis de 70 días. Ademais será necesario que, nese mesmo período, os barcos de 2,5 GT ou de máis potencia xustifiquen unha venda en lonxa igual ou superior aos 1.500 quilos, e de 1.000 quilos ou máis no caso das embarcacións que teñan unha potencia inferior. No que se refire aos tripulantes, estes deberán acreditar estar debidamente enrolados e ter a condición de mariñeiro polo menos un período de seis meses no ano anterior á paralización.

A nova orde recolle tamén as medidas que se levarán a cabo unha vez finalizada a veda. Neste senso, a partir do 20 de xullo, as embarcacións limitarán as capturas a pezas dun quilo por unidade e os desembarcos de polbo a un tope máximo de 40 quilogramos por tripulante e día. A talla do cefalópodo poderá ser modificada a partir do 31 de decembro do 2006, sempre e cando o estado do recurso así o permita. Así mesmo, o horario estipulado para faenar no caladoiro será dende as seis da mañá ata as seis da tarde.

### **Plans zonais**

Finalmente, a responsable de Pesca apuntou que a partir do 1 de xaneiro de 2007 está previsto que se aproben os plans zonais de explotación deste cefalópodo, tras estudar a situación do estado do recurso. Habilitarase así un sistema de explotación axeitado ás características das diferentes zonas onde se atopa o polbo. Establecerase, como mínimo, un plan para a costa cantábrica, outro para a costa noroeste así como un para a zona das Rías Baixas.





## **A METADE DA REDUCIÓN DO PARO ESTATAL NO ÚLTIMO ANO CORRESPONDE A GALICIA XA QUE DOS 20.269 DESEMPREGADOS MENOS, 10.251 SON GALEGOS**

- *Desde abril de 2005 o número de demandantes diminuíu en Galicia nun 5,7%. Trátase do maior descenso dos últimos cinco anos e do terceiro mes consecutivo no que se produce unha redución da taxa interanual*
- *En relación ao mes de marzo o número de parados descendeu en 5.782 persoas, é dicir nun 3,3%, situando o total de desempregados en 170.332*
- *Estes datos ratifican a tendencia á converxencia de Galicia do Estado, xa que mentres que en abril de 2005 o peso do paro galego no conxunto do Estado era do 8.62%, en abril deste ano esa porcentaxe descende ata o 8,2%, é dicir nun 4,8%*
- *O 62,9% dos demandantes galegos son mulleres. Consciente de que o pleno emprego das mulleres pasa pola súa incorporación á totalidade de ocupacións, a Consellería de Traballo insistirá no fomento da súa inserción naqueles sectores nos que están subrepresentadas*
- *O paro descende neste mes de abril, con respecto ao mesmo mes de 2005, en todos os sectores e todas as provincias, sendo especialmente salientable o comportamento da construción, cun descenso do 12,3%, e da provincia de Lugo que rexistran unha diminución no número de demandantes do 7,1%*

O titular de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta o Informe sobre o Paro Rexistrado no pasado mes de abril. Tal e como se recolle no documento, o número de inscritos nas oficinas galegas do Servizo Público de Emprego, descendeu nos últimos doce meses en 10.251 persoas, o que supón unha redución porcentual do 5,7% con respecto ao mes de abril de 2005. Esta cifra fai que a metade da redución, concretamente o 0,56%, do paro estatal neste último ano corresponda a Galicia, xa que dos 20.269 desempregados nos que se reduciu o paro en España dende abril de 2005, 10.251 son galegos.

Trátase do maior descenso que se produce nos últimos cinco anos e o terceiro mes consecutivo no que descende o paro na evolución interanual. Así, o número total de parados rexistrados nas oficinas de emprego galegas en abril de 2006 sitúase en 170.332.




**VARIACIÓN INTERANUAL DO PARO REXISTRADO**

	2002	2003	2004	2005	2006
Xaneiro	173.873	11.269	8.224	-3.922	-8.043
Febreiro	3.203	9.547	5.902	-3.837	-8.113
Marzo	6.481	7.524	3.811	306	-10.227
<b>Abril</b>	<b>6.058</b>	<b>7.041</b>	<b>7.361</b>	<b>-2.980</b>	<b>-10.251</b>
Maio	4.935	5.542	5.376	-4.087	
Xuño	10.064	6.250	3.146	-9.653	
Xullo	11.810	4.822	-569	-3.991	
Agosto	10.595	4.582	144	-4.193	
Setembro	11.962	4.086	-1.846	-6.225	
Outubro	12.828	2.979	-1.406	-6.458	
Novembro	13.584	3.276	-44	-6.527	
Decembro	13.088	8.558	-3.728	-6.004	
<b>Media anual</b>	<b>10.009</b>	<b>6.290</b>	<b>2.198</b>	<b>-4.798</b>	

Na comparativa mensual conclúese que o paro se reduce con respecto a marzo en 5.782 desempregados, é dicir, nun 3,3%. O paro rexistrado no mes de abril supón o dato de paro máis baixo dos últimos catro anos.

En rela  
 diminú  
 homes  
 o 37,1  
 son mu  
 Na ev  
 25 and  
 baixa d  
 paro n



pregados  
 marzo, en  
 galegos,  
 o 62,9%,  
 enores de  
 esta idade  
 dución do

Abri	2002	2003	2004	2005	2006	95.756
Variación con respecto a	-2.804	-620	-2.184	-2.978	-637	-2.341
Marzo 2006						
Variación con respecto a	-6.046	-909	-5.137	-4.205	-1.746	-2.459
Abril 2005						



Por sectores produtivos, o paro rexistrado experimenta unha redución en todos eles en relación co mes de marzo. É especialmente significativa a redución do 4% da construción e do sector servizos. No sector primario redúcese unha décima por riba da media, un 3,4%. A industria é o que acada peores resultados, baixando só un 1%.

Igual comportamento observamos con respecto ao mes de abril de 2005, xa que o número de demandantes descende en todos os sectores, destacando a construción, cunha redución do 12,3%, e a industria cun descenso do 5,8%. O colectivo "Sen emprego anterior" baixa o 6,4% e os servizos tamén experimentan unha redución do 4,3%. No sector primario, despois das importantes subidas dos dous últimos anos, redúcese nun 1,7%.

<b>GALICIA</b>	<b>AGRICULTURA E PESCA</b>	<b>INDUSTRIA</b>	<b>CONSTRUCCIÓN</b>	<b>SERVIZOS</b>	<b>SEN EMPREGO ANTERIOR</b>
<b>Abril 2006</b>	<b>5.104</b>	<b>27.146</b>	<b>17.684</b>	<b>95.608</b>	<b>24.790</b>
<b>Variación con Marzo 2006</b>	<b>-181</b>	<b>-271</b>	<b>-743</b>	<b>-3.940</b>	<b>-647</b>
<b>Variación con Abril 2005</b>	<b>-86</b>	<b>-1.678</b>	<b>-2.469</b>	<b>-4.318</b>	<b>-1.700</b>

### O comportamento de Galicia en relación co Estado

No mes de abril, prodúcese un descenso do paro rexistrado estatal de 72.854 persoas. O dito descenso representa unha variación relativa do -3,39%, o que sitúa o número de parados en España en 2.075.676 persoas.

Galicia, cun descenso de 5.782 parados con respecto ao mes de marzo, é a cuarta Comunidade Autónoma onde máis diminúe o paro rexistrado, tras Andalucía (-7.800), Cataluña (-10.584) e Illes Balears (-7.161).

En comparación con abril de 2005 o comportamento do paro rexistrado de Galicia en relación co conxunto do Estado é moi bo, xa que pasa de representar o 8,62% do total de parados en abril do pasado ano, ao 8,2% en abril de 2006, o que representa unha redución do 4,8%.

<b>Comunidades Autónomas</b>	<b>Abril 2006</b>	<b>MES ANTERIOR</b>		<b>INTERANUAL</b>	
		<b>ABSOLUTA</b>	<b>RELATIVA</b>	<b>ABSOLUTA</b>	<b>RELATIVA</b>
Andalucía	471.085	-17800	-3,64%	31.969	7,28%
Aragón	39.754	-2121	-5,07%	-1157	-2,83%



Asturias	55.788	-3336	-5,64%	-6.636	-10,63%
Illes Balears	35.070	-7.161	-16,96%	-4.639	-11,68%
Canarias	135.885	-651	-0,48%	-1879	-1,36%
Cantabria	22.991	-1.168	-4,83%	-2.870	-11,10%
Castilla La Mancha	94.341	-3.400	-3,48%	-4.090	-4,16%
Castilla León	116.881	-3698	-3,07%	-1.362	-1,15%
Cataluña	259.989	-10.584	-3,91%	-3.211	-1,22%
Com. Valenciana	199.324	-5.203	-2,54%	-1.863	-0,93%
Extremadura	77.781	-1035	-1,31%	317	0,41%
<b>Galicia</b>	<b>170.332</b>	<b>-5.782</b>	<b>-3,28%</b>	<b>-10.251</b>	<b>-5,68%</b>
Madrid	220.235	-3.625	-1,62%	-13.283	-5,69%
Murcia	43.833	-2.546	-5,49%	-563	-1,27%
Navarra	21.041	-1.177	-5,30%	-1.015	-4,60%
País Vasco	85.185	-3.161	-3,58%	-1.050	-1,22%
La Rioja	10.756	-54	-0,50%	306	2,93%
Ceuta	8.108	-38	-0,47%	925	12,88%
Melilla	7.297	-314	-4,13%	83	1,15%
<b>Total Nacional</b>	<b>2.075.676</b>	<b>-72.854</b>	<b>-3,39%</b>	<b>-20.269</b>	<b>-0,97%</b>

En comparación con mes de marzo pasado, Galicia representa o 7,9% do conxunto da redución realizada no Estado. En relación co ano anterior, a metade (o 50,6%) da redución de parados rexistrados no conxunto do Estado corresponde a parados rexistrados en Galicia. Así, os resultados do mes de abril ratifican a tendencia á converxencia de Galicia co Estado.

Na evolución dos contratos rexistrados, prodúcese un descenso das contratacións no ámbito estatal de 251.303 contratos rexistrados menos ca o mes anterior. En total, rexistráronse no mes de abril 1.304.213 contratos; deste total, 145.658 foron indefinidos (11,17%) e 1.158.555 temporais (88,83%)

En Galicia rexistráronse un total de 58.642 contratos, 6.723 contratos menos co mes anterior; deste total, 5.851 foron indefinidos (9,98%) e 52.791 temporais (90,02%).

### O comportamento das provincias

No pasado mes de abril as catro provincias galegas rexistraron unha notable redución do paro rexistrado, tanto con respecto ao mes anterior, marzo, como con respecto ao mesmo mes do pasado ano, abril de 2005. O descenso en relación co mes de marzo é especialmente significativo na provincia de Lugo, onde se reduce nun 5,4%, seguida de Pontevedra, cun descenso do 3,7%, A Coruña cun 2,6% e Ourense cunha redución do 2,3%




Lugo destaca igualmente na diminución sobre abril de 2005, cunha porcentaxe de redución do 7,1%, é dicir, 1304 demandantes menos que hai 12 meses. Pontevedra rexistra 4.714 desempregados menos (6,9%), na Coruña o paro descende en 3.333 persoas (4,6%) e en Ourense a baixada é de 900 parados (4%)

### PARO REXISTRADO POR PROVINCIAS

	Abril 2006	Marzo 2006	Abril 2005
<b>A CORUÑA</b>	<b>68.525</b>	<b>-1.852</b>	<b>-3.333</b>
<b>LUGO</b>	<b>17.186</b>	<b>-976</b>	<b>-1.304</b>
<b>OURENSE</b>	<b>21.463</b>	<b>-508</b>	<b>-900</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	<b>63.158</b>	<b>-2.446</b>	<b>-4.714</b>
<b>GALICIA</b>	<b>170.332</b>	<b>-5.782</b>	<b>-10.251</b>

En relación á distribución territorial do paro rexistrado por provincias, A Coruña e Pontevedra xuntas supoñen algo máis das tres cuartas partes, (un 77%) mentres que Lugo e Ourense supoñen un 10 e un 13% respectivamente.



### O comportamento do paro feminino

Segundo se desprende do informe elaborado pola Consellería de Traballo, o 107.103 do total de desempregados galegos son mulleres. O ritmo de redución do desemprego é máis alto nos homes que nas mulleres, xa que mentres que estas representan o



62,9% do paro rexistrado en Galicia, a redución do paro feminino en abril de 2006 con respecto ao mesmo mes de 2005 é do 41%.

A Consellería de Traballo é consciente de que soamente se poderá acadar o pleno emprego das mulleres se se incorporan á totalidade de ocupacións. A redución do paro feminino pasa pois necesariamente pola incorporación da muller a sectores masculinizados. Por poñer dous exemplos, dos 734 demandantes nos que se reduciu o paro no sector da construción, tan só 67 eran mulleres, por contra, nos sectores do téxtil e a confección incrementouse o paro en 297 mulleres e reduciuse en 7 homes.

Nese senso, o departamento que dirixe Ricardo Varela continuará incidindo en políticas activas de discriminación positiva en busca da igualdade, especialmente na incorporación de mulleres naquelas ocupacións nas que se están subrepresentadas.